



ASOCIACIÓN VIEIRO

## ESCOLAS DE AVOAS E AVÓS EDUCADORES

### Curso de prevención no ámbito familiar

1.- Presentación e xustificación.

2.- Obxectivos.

3.- Poboación destinataria.

4.- Metodoloxía

5.- Contidos

6.- Lugar de celebración

7.- Duración



ASOCIACIÓN VIEIRO

## **1.- PRESENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN**

Actualmente os avós e as avoas son a principal fonte de apoio para a conciliación da vida familiar e laboral. Aínda que a función social de educar recae sobre os proxenitores (pais/nais ou titores legais) a progresiva incorporación da muller ao mundo laboral e os novos modelo familiares (familias desestruturadas, monoparentais, separacións,...) esixen unha axuda externa que atenda os fillos e fillas cando o pai e/ou nai están ausentes. Esta realidade social pon de manifesto que os avós e as avoas son a principal fonte de apoio social para a conciliación familiar e laboral. Cando exercen esta labor durante demasiadas horas ao día, suplindo actividades propias dos pais/nais, a responsabilidade e a preocupación dos avós e avoas pode supoñer unha carga moi importante de estrés e ansiedade, que engadido ao lapso xeracional e as condicións asociadas á idade, poden afectar a calidade de vida tanto dos maiores como dos nenos e nenas.

Co fin de axudarlles en todas estas cuestións e acompañalos/as na súa labor coidadora e educadora queremos poñer en marcha a “Escola de avós e avoas educadores”, un espazo de formación e intercambio de experiencias, coa intención de que adquiran coñecementos e habilidades para mellorar a calidade das relacións cos/as seus/súas fillos/as e cos/as seus/súas netos/as, ademais de concienciarse da importante contribución que realizan a favor da vida das súas familias e da sociedade.

O curso da escola de avós e avoas, trata de ofrecer un soporte social as persoas maiores que exercen esta tarefa, desenvolvendo unha acción preventiva fronte ao estrés que conleva o coidado e a crianza dos netos e netas e os propios condicionantes da idade.

Esta iniciativa susténtase na idea de preservar aos menores no seu entorno, evitando a institucionalización, apoiando a avós e avoas na súa función educativa e coidadora, reforzando as habilidades e estratexias necesarias para desenvolver de forma cotiá estas funcións.



ASOCIACIÓN VIEIRO

## **2.- OBXECTIVOS**

- Ofrecer información xeral a avós e avoas sobre temas referidos ao desenvolvemento educativo, social e persoal de netos e netas.
- Previr situacións de desgaste que poidan aparecer nas persoas maiores, ás cales se dirixe o proxecto.
- Favorecer a integración e unión familiar.

## **3.- POBOACIÓN DESTINATARIA**

A poboación destinataria do curso son avós, avoas e persoas maiores que teñan asumido o coidado e educación de menores de forma continuada.

## **4.- METODOLOXÍA**

O desenvolvemento das escolas está baseado nunha metodoloxía dinámica, inductiva, continuada e participativa, adaptando os contidos e actividades aos perfís sociais e culturais dos participantes. Nelas desenvólvense habilidades específicas que os capacita para o manexo de situacións cotiás na educación dos/as menores de idade, sobre todo cando estes chegan á adolescencia, orientándoos e apoiándoos no proceso educativo en todos os aspectos que conleva a crianza na sociedade actual, aproveitando tamén a súa experiencia como pais e nais.

En cada sesión levarase a cabo diferentes dinámicas e técnicas grupais que favorecen a participación e o diálogo, co fin de reflexionar todos/as xuntos/as sobre as mellores pautas educativas para brindar aos netos e metas unha educación saudable e integral.

Asemade, as escolas obradoiro complementáanse con sesións individuais na que se traballarán de forma personalizada cos avós e avoas que o soliciten



ASOCIACIÓN VIEIRO

## 5.- CONTIDOS

Os contidos do curso, están divididos en 4 grandes bloques, coas súas respectivas temáticas:

### 1. “CADA BARCO TEN O SEU TIMÓN”: A importancia das normas e límites na educación

- Consenso e establecementos de normas, acordos e mantemento de forma clara e precisa.
- Roles, horarios e tarefas
- Control e modificación de conducta: castigos e premios

### 2. “CARTAS DE NAVEGACIÓN”: Habilidades sociais

- Comunicación cos fillos/as e netos/as
- Disciplina positiva
- Autoestima dos pequenos e dos maiores
- Avós e avoas como transmisores de valores e modelos de conduta

### 3. “CAPEANDO O TEMPORAL”: Resolución de conflitos

- Técnicas de resolución de conflitos
- Acoso escolar
- Apoio nas tarefas educativas

### 4. “MAR DE REDES”: Novas tecnoloxías, redes sociais e ocio

- Que fan os nosos netos e netas no seu tempo libre: Internet, videoxogos, redes sociais...
- A que riscos están expostos en Internet?
- Utilización de dispositivos electrónicos, riscos dun uso abusivo, horarios, normas e límites.
- Ocio alternativo
- Xogos e actividades para divertirnos e desfrutar cos netos e netas



ASOCIACIÓN VIEIRO

## **6.- LUGAR DE CELEBRACIÓN**

Centros Sociais

## **7.- DURACIÓN**

O curso está composto por 4 sesións de hora e media de duración.